



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Corrección de erros do tribunal cualificador designado por Resolución de Alcaldía núm. 389/2022, de 04/07/2022. Convocatoria para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de Limpeza de praias 2022, que se financiará co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación da Coruña, convocatoria MA100/2022

**Núm. Admvo. Expte:** 2022/E001/000006

**Expte. Decreto Núm:** 2022/G003/000408

Por Resolución de Alcaldía núm. 389/2022, de 04/07/2022 aprobouse a lista provisional de admitidos da convocatoria para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de Limpeza de praias 2022, que se financiará co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación da Coruña, convocatoria MA100/2022.

Detectado un erro no apartado segundo da parte resolutiva relativo aos membros do tribunal cualificador, procede a súa corrección e nomeamento dun novo tribunal para o cumprimento do quorum necesario.

En virtude do artigo 109.2 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe procederse a súa corrección.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Proceder á corrección da designación dos membros do Tribunal Cualificador designado por Resolución de Alcaldía núm. 389/2022 de 04/07/2022, previsto na base sétima da convocatoria para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de Limpeza de praias 2022, que se financiará co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación da Coruña, convocatoria MA100/2022, que estará composto polos membros seguintes:

- Presidente: Isabel M<sup>a</sup> Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello  
Suplente: Julio Torreira López, animador-monitor deportivo deste concello
- Vogais:
  1. José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello.  
Suplente: Alfredo Ángel Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.
  2. Alejandra Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello.  
Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.
  3. Julio Torreira López, coordinador-monitor deportivo deste concello.  
Suplente: M<sup>a</sup> Dolores Porteiro Rodríguez, técnica de intervención familiar deste concello.
- Secretario: José Antonio Esmorís Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

**SEGUNDO.** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Laxe.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde

Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora

Asdo. Begoña Carrasco García